CONCELLO DE BOIRO

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 2007/2026
Resolución con número e data establecidos á marxe
Procedemento: Selección de Persoal e Provisión de Postos
Asunto do Expediente: PROCESO SELECTIVO PERSOAL DOCENTE E DIRECTIVO OBRADOIRO DE EMPREGO TORRE DE GOIANS V - DOCENTE CARPINTERIA 2026

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Por Resolución de alcaldía de data 29/04/2026 aprobouse a convocatoria e as bases para a selección do equipo docente e directivo do "OBRADOIRO DE EMPREGO TORRE DE GOIÁNS V", con corrección de erros de data de 05/05/2026.

O anuncio de convocatoria deste proceso selectivo publicouse no BOP da Coruña nº 81 de 04/05 /2026, e as correspondentes bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do concello www.boiro.gal e no taboleiro correspondente do SEPE.

O 11/05/2026 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo, presentándose un total de 6 solicitudes.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen esta convocatoria, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

Vista a proposta de resolución PR/2026/1084 de 13 de maio de 2026.

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Declarar provisionalmente admitidas no proceso selectivo destinado á selección dun Mestre para a especialidade de instalacións de elementos de carpintería MAMS0208 para o "Obradoiro de Emprego Torre de Goiáns V", ás seguintes persoas por ter presentada en forma e prazo a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:

NOME	CELGA 4	AUTOBAREMO
ALFONSO SOBRADELO FIGUEIRO	NON EXENTO/A	SI
BRUNO MANEIRO BENITO	EXENTO/A	SI
JOSE MANUEL OUTON BARRAL	NON EXENTO	NON
JUAN CARLOS FERNANDEZ LORENZO	EXENTO/A	NON

JOSE RAMON ROMERO GARCIA (1 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 13/05/2026
HASH: 4705b47592619c6432b37e5b8aeff7a

SEVERINO ABALO CHOUZA (2 para 2)
Secretario accidental
Data de Sinatura: 13/05/2026
HASH: 95b33d269cc51a8ff4be2c0bd0f40451

DECRETO
Número: 2026-0695 Data: 13/05/2026

Cod. Validación: CZPJJSZ94S5GMQZP23NNGEA9H
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Segundo.- Declarar provisionalmente excluídas no proceso selectivo destinado á selección dun Mestre para a especialidade de instalacións de elementos de carpintería MAMS0208 para o "Obradoiro de Emprego Torre de Goiáns V", ás seguintes persoas aspirantes polos seguintes motivos de exclusión:

Nome	CELGA 4	AUTOBAREMO	MOTIVO EXCLUSIÓN
JESUS VILLAR PORTAS	EXENTO/A	NON	PERMISO DE CONDUCIR
MANUEL ARAGUNDE ABUIN	EXENTO/A	NON	PERMISO DE CONDUCIR

Terceiro.- Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na web www.boiro.gal, a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, dispoñendo as persoas aspirantes excluídas dun prazo de 2 días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da súa publicación para a emenda dos posibles defectos e omisións na documentación presentada.

Dispoñen do mesmo prazo as persoas que, presentando debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na lista publicada.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

Cuarto.- Nomear ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

Presidente: Martín Blanco Buceta (Suplente: Margarita Sampedro Mariño)

Secretaria: María Mariño Poza (Suplente: Severino Abalo Chouza)

Vogal 1: Carmen Saavedra Pego (Suplente: Emilio Piña Ordiz)

Vogal 2: José Antonio Resúa Yáñez (Suplente: Manuel González Lorenzo)

Vogal 3: Alberto García Sánchez (Suplente: Andrés Coira Silva)

Quinto.- Convocar a todas as persoas aspirantes admitidas para o vindeiro **MARTES 26/05/2026 ás 09:00 horas no salón de plenos da Casa Consistorial de Boiro** para a realización da fase de oposición, así como a realización da proba de lingua galega para aqueles candidatos que non acreditaron estar en posesión do Celga 4.

Sexto.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-0695 Data: 13/05/2026

Cod. Validación: CZPJJSZ94S5GMQZP23NNGEA9H
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2